

ADMISIÓN ALUMNADO para o curso 25-26

OFERTA DE PRAZAS VACANTES PARA O VINDEIRO CURSO 2025-2026

A consultar no taboleiro de anuncios do propio centro.

Aberto o proceso de admisión de alumnado cara o vindeiro curso 2025-2026 dende o 1 DE MARZO ao 20 DE MARZO.

Normativa relacionada

- [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- [Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

MÁIS INFORMACIÓN

- Na **web da Consellería e na aplicación de admisión**
- No propio centro educativo.

Publicación de postos escolares vacantes	Antes do 1 de marzo
Presentación en prazo ordinario de solicitudes de admisión	Do 1 ao 20 de marzo
Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas	25 de abril

Reclamacións	5 días hábiles a partir do día seguinte á súa publicación
Publicación das listaxes DEFINITIVAS de admitidos:	15 de maio.
Formalización da matrícula en Educación Infantil e Primaria	Do 20 ao 30 de xuño
Formalización da matrícula en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato .	Do 23 de xuño ao 7 de xullo

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opción descritas a continuación:

1. **Cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro:**

Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá seleccionar a opción de menú “**Solicitudes --> Reserva/Admisión --> Crear**”. Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón “Crear e Confirmar”. Feito isto poderá descargala para asinar e presentar no centro.

2. **Cubrir a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica:**

Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a admisionalumnado con usuario de Chave 365 ou con certificado dixital, para iso deberá premer na icona verde que se atopa arriba á dereita. Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú “**Solicitudes --> Admisión --> Crear**”. Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e os criterios alegados e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, deberá premer no botón “Confirmar solicitude” e posteriormente premendo no botón “Firmar e presentar en Sede Electrónica”, poderá asinar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de sinatura remate correctamente. Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar solicitude. **IMPORTANTE: Debe achegar, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, o anexo bis dixitalizado.**

3. **Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro:**

Se non desexa cubrir a solicitude dixitalmente pode facelo de xeito manual descargando dende os seguintes enlaces os documentos, cubrilos e presentalos firmados no centro.